

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*RESOLUCIÓN do 29 de xuño de 2016 pola que se dá publicidade á resolución de concesión das axudas de apoio ás iniciativas abertas de difusión.*

Mediante a Resolución do 24 de novembro de 2015 publicouse o acordo do Consello de Dirección que aprobou as bases reguladoras das axudas de apoio ás iniciativas abertas de difusión (DOG núm. 236, do 11 de decembro) e procedeuse á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para o ano 2016.

As ditas bases establecen no seu artigo 10.6 que, con carácter xeral, non se enviarán notificacións individuais da resolución, substituíndose a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape no enderezo [www.tramita.igape.es](http://www.tramita.igape.es), ao cal se remitirá desde o texto publicado no DOG.

Na súa virtude e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

#### RESOLVO:

Primeiro. Anunciar a publicación do texto completo da Resolución do 23 de xuño de 2016 de concesión das axudas do Igape de apoio ás iniciativas abertas de difusión, no enderezo [www.tramita.igape.es](http://www.tramita.igape.es) (epígrafe Consulta de resolucións definitivas <http://www.igape.es/gl/oficina-virtual/resoluciones-definitivas>).

Segundo. A Resolución do 23 de xuño de 2016 esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Non obstante, previamente poderá interpoñer un recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral do Igape, dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG.

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2016

Javier Aguilera Navarro  
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

